



ROTEIRO POLO CAMIÑO PRIMITIVO PARADANOVA – PARADAVELLA (A FONSAGRADA)



Con este roteiro de ADEGA-Lugo percorreremos unha etapa do Camiño Primitivo que, aínda que marca o inicio da cultura xacobeana universal e transcorre por lugares de grande interese histórico e ambiental, é obxecto de alteracións humanas, que merecen ser coñecidas e denunciadas. Partindo de **Paradanova**, o roteiro discorrerá pola **traza histórica medieval de Póboa de Burón**. Este núcleo acolleu a capitalidade do concello de Burón ata 1835, cando se trasladou á Fonsagrada. Son elementos patrimoniais destacables nesa vila a **capela de San Xosé, a Torre**: antiga casa do concello de Burón, a **igreja de Santa María de Madanela** e, moi particularmente, os restos da **fortaleza do Conde de Altamira**, que foi duramente atacada durante as revoltas irmandiñas.

Deixando Póboa de Burón avanzaremos por lugares con diversos vestixios históricos que testemuñan a importancia desta rota de peregrinación, como é o caso de **Xestoso de Palfito**, onde se localiza o **Carballo das Cruces**, que acollía no pasado un antigo ritual fúnebre propio da cultura de montaña. Ascendendo ata o cumio do Montouto (1050 m), toparémonos co lugar no que se asentou un antigo **hospital de peregrinos** fundado no século XIV por Pedro o Cruel, e que mantivo unha certa actividade ata principios do século XX. Preto deste hospital consérvase un **dolmen** coñecido popularmente como “**pedras dereitas**”. O roteiro finalizará en **Paradavella**, tradicional poboado de montaña cun importante valor etnográfico pola presenza, entre outros elementos, de edificacións tradicionais: as **pallozas**.

Lonxitude: 17 km.

Dificultade: media.

DOMINGO, 14 XANEIRO DE 2018

Xeral.....	18 €
Socios/as.....	12 €
Estudantes e no paro.....	15 €
Ata 14 anos.....	5 €

Saída: Facultade de Formación do Profesorado (Av. Ramón Ferreiro) ás **9.00 horas**.

Reserva: chama previamente ao **679113718** ou ao **982240299**.

Levar: Roupa e calzado axeitados e **comida** para o camiño.



PRÓXIMOS ROTEIROS

18 Febreiro – Os Cortíns (Navia de Suarna)

11 Marzo – A minaría romana (Quiroga)

15 Abril – Fragas do Alto Eume – Xistral (Muras)

13 Maio – Ribeiras do Sor (Mañón)



10 Xuño – Costa da Vela (Cangas do Morrazo)



ROTERIO POLO CAMIÑO PRIMITIVO

PARADANOVA – PARADAVELLA

TRAZA HISTÓRICA MEDIEVAL DA PÓBOA DE BURÓN



PROCEDENCIA DOS MAPAS:

POLÍN, Ricardo. “Guía histórica e cartográfica do Camiño Primitivo de Santiago na Fonsagrada.

CAMÍN DE BURÓN” Ed. Xunta de Galicia, Consellería de Innovación e Industria, Xacobeo, 2006.

Escala dos mapas modificada.